

Na exposición de motivos da Lei 3/1996, de 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago, xa se recoñecía a existencia dunha abundante lexislación espallada e de carácter regulamentar sobre o Camiño e foi a necesidade dunha lexislación integradora de máximo rango a que xerou a mesma necesidade á promulgación de dita Lei.

Facíase preciso, portanto, trasladar ao ámbito regulamentar ese espírito integrador co obxecto de que a estrutura organizativa disposta pola Xunta de Galicia a fin de dar satisfacción ao mandato do lexislador de promoción do coñecemento e difusión do patrimonio histórico-cultural ligado ao Camiño de Santiago tivese un adecuado desenvolvemento.

Desta maneira establécese no capítulo I o Comité Internacional de Peritos do Camiño de Santiago, constituído por persoas de prestixio internacional e recoñecida competencia no campo da investigación, promoción e difusión do Camiño de Santiago, como órgano de colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a cal dirixirá e coordinará as súas actuacións nesta materia através da Subdirección da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, unidade á que se dedica o capítulo II contando tamén para esta tarefa coa empresa de capital público en forma de sociedade anónima recollida no capítulo III, SA de Xestión do Plano Xacobeo.

Como mecanismos de actuación adecuados para desenvolver as competencias asignadas se establecen nos capítulos IV ao VI o Rexisto de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, o procedemento para a declaración de interese para a promoción do Camiño de Santiago a todas aquelas actividades e proxectos que contribúan efectivamente á promoción do mesmo e, finalmente, as normas de utilización dos albergues da rede pública.

En definitiva, refúndese no presente decreto a seguinte normativa:

- Decreto 344/1992, de 26 de novembro, polo que se establecen as normas de utilización da rede de albergues previstas no Plano Xacobeo.

- Orde de 30 de marzo de 1993 pola que se fai pública a rede de albergues do Camiño de Santiago no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, procedéndose á súa actualización.

- Decreto 224/1994, de 2 de xuño, polo que se crea o Rexisto de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, excepto o seu artigo 1.

- Decreto 245/1994, de 23 de xuño, polo que se regula o procedemento para que determinadas actividades e proxectos obteñan a declaración de interese para a promoción do Camiño de Santiago.

- Decreto 169/1994, de 2 de xuño, polo que se crea o Comité Internacional de Peritos do Camiño de Santiago, excepto o seu artigo 1, e o Decreto 325/1996, de 26 de xullo, polo que se modifica o anterior.

- Orde de 21 de xaneiro de 1995, pola que se aproba o Regulamento de Funcionamento e Rexime Interior do Comité Internacional de Peritos do Camiño de Santiago.

Por todo isto é polo que, a proposta do Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día un de febreiro de dous mil un, dispoño:

## CAPÍTULO I COMITÉ INTERNACIONAL DE PERITOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Sección 1ª. Finalidade, composición e funcións.

### **Artigo 1.** Finalidade.

O Comité de Peritos do Camiño de Santiago é o órgano de colaboración da consellería competente no relativo ao Camiño de Santiago, nas cuestións que se lle apresenten en relación a ese ben, patrimonio da humanidade.

### **Artigo 2.** Composición.

1. O comité estará formado por:

- a) Nove vocais, designados polo conselleiro que teña atribuídas as competencias relativas ao Camiño de Santiago, entre persoas de prestixio internacional e recoñecida competencia no campo da investigación, promoción e difusión do Camiño de Santiago.
- b) Un secretario, que será o xerente de promoción do Camiño de Santiago.
2. O presidente será eleito polos vocais do comité entre os seus membros.
3. Tamén haberá un vicepresidente que será eleito por maioría simple dos seus membros.
4. O cargo de membro do comité non será remunerado.

### **Artigo 3.** Funcións.

Son funcións do comité:

- a) A análise e investigación dos temas directamente relacionados co Camiño de Santiago.
- b) O fomento e publicacións sobre temas xacobeos.
- c) A organización de xornadas, congresos, seminarios e simposios que acorde a consellería competente no referente ao Camiño de Santiago, coa finalidade de estudar e promocionar internacionalmente o Camiño de Santiago.

Sección 2ª. Sede e normas de funcionamento interno.

### **Artigo 4.** Domicilio.

A morada do comité fíxase a todos os efectos na Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago da consellería competente na materia.

### **Artigo 5.** Representación.

A representación oficial do comité só pode ser exercida polo presidente. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente do comité.

### **Artigo 6.** Funcións do presidente.

Corresponde ao presidente:

- a) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día.
- b) Presidir as sesións e moderar os debates.
- c) Dirimir as igualadas co seu voto de calidade.
- d) Exercer todas as funcións inherentes á condición de presidente do comité.

### **Artigo 7.** Funcións dos vocais do comité.

Corresponde aos vocais do comité:

- a) Receber a convocatoria da xuntanza, acompañada da orde do día, podendo introducir propostas de temas para a súa inclusión na mesma, se ben a documentación deberá estar en poder da secretaría do comité cinco días antes de cada sesión.
- b) Participar nos debates das sesións exercendo o seu dereito ao voto e expresando o sentido deste, de modo xustificad.
- c) Formular rogos e preguntas.
- d) Obter a información necesaria para o desenvolvemento da súa función.
- e) Exercer as demais funcións que sexan inherentes á súa condición.

As funcións inherentes á condición de vocal do comité son indelegábeis.

### **Artigo 8.** Funcións do secretario.

Ao secretario corresponde:

- a) Asistir ás xuntanzas con voz, pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde do presidente e citar aos membros.
- c) Receber os actos de comunicación, notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquer outra clase de escritos dos que teña coñecemento.
- d) Redixir as actas das sesións e despacho de asuntos.
- e) Expedir certificacións das consultas ou dos acordos.
- f) As demais funcións que sexan inherentes á súa condición de secretario.

**Artigo 9.** Quórum de constitución do comité.

Para a válida constitución do comité a efectos de celebración das sesións en primeira convocatoria requireráse a presenza da metade dos seus membros e do presidente e secretario ou persoas que os substitúan, en todo caso. De non poder reunirse en primeira convocatoria, por ser insuficientes os membros asistentes, ficará convocada para unha hora mais tarde, no mesmo lugar coa mesma orde do día, abondando a asistencia dun terzo dos seus membros e, en todo caso, do presidente e do secretario ou persoas que os substitúan.

**Artigo 10.** Sesións do comité.

1. As sesións do comité celebraranse na cidade de Santiago de Compostela, se ben con carácter excepcional poderán celebrarse noutras cidades da Unión Europea.
2. Celebrarase unha sesión ordinaria cada trimestre e en cada unha delas fixarase a data da seguinte. As sesións extraordinarias convocaranse por orde do presidente en casos de urxencia ou necesidade.

**Artigo 11.** Convocatorias das xuntanzas.

As convocatorias das xuntanzas faranse sempre por escrito e con unha antelación de quince días naturais para as sesións ordinarias e de cinco días para as sesións extraordinarias. As convocatorias especificarán o día, hora e lugar de celebración da xuntanza, así como a orde do día e irán acompañadas da documentación necesaria para o seu estudo polos membros do comité.

**Artigo 12.** Asuntos fóra da orde do día.

Non poderá ser obxecto de debate ningún tema que non figure na orde do día, excepto que por razóns de urxencia e estando presentes todos os membros do comité, emitan o seu voto favorábel por maioría.

**Artigo 13.** Adopción de acordos.

Os acordos serán adoptados por maioría simple.

**Artigo 14.** Acta das sesións.

De cada sesión que se celebre estenderá acta o secretario, especificando os asistentes á xuntanza, a orde do día, circunstancias de lugar e tempo nas que se celebraron, puntos principais da deliberación e contido dos acordos. Tamén figurarán as solicitudes dos membros do comité, os votos contrarios, as abstencións e os votos favorábeis. Os membros que discrepen do acordo adoptado poderán formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas, que se incorporará ao texto aprobado. A acta estendida polo secretario será sometida para a súa aprobación na mesma ou na seguinte xuntanza do comité.

**Artigo 15.** Certificacións dos acordos.

Os que acrediten a titularidade dun interese lexítimo poderán dirixirse ao secretario para que lles sexa expedida certificación dos acordos.

**Artigo 16.** Comisions de traballo.

A fin de axilizar o traballo do comité e para aproveitar ao máximo o principio de especialidade, estableceranse unhas comisions de traballo compostas, alomenos, por tres membros. Poderán incorporarse ás mesmas outros especialistas que, sen ser membros do comité, pola súa calidade profesional se consideren necesarios para a consecución dos obxectivos das comisions. Estes especialistas terán o carácter de convidados á comisión.

As comisions de traballo que se criarán son as seguintes:

- a) Comisión de exposicións.
- b) Comisión de publicacións.
- c) Comisión de peregrinaxe actual e camiños.
- d) Comisión de audiovisuais.

O comité, sempre por unanimidade e en razón das súas necesidades, poderá crear calquera outra.

#### **Artigo 17.** Comisión executiva.

Críase unha comisión executiva para atender a tramitación de asuntos en caso de urxencia ou necesidade que estará composta polo presidente, o secretario e dous vocais sinalados polo comité.

### CAPÍTULO II XERENCIA DE PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO

#### **Artigo 18.** Funcións.

A Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago é o órgano administrativo ao que lle corresponden, directamente ou através da Sociedade Anónima de Xestión do Plano Xacobeo, o enderezo e coordinación das actuacións da consellería competente na materia en todas aquelas cuestións relativas ao Camiño de Santiago e, especialmente, exercerá as seguintes funcións:

- a) A conservación e posta en valor do Camiño de Santiago en Galicia.
- b) A promoción do Camiño de Santiago, incluídas as actividades de animación.
- c) A xestión da imaxe corporativa do Xacobeo que redunde na promoción do Camiño de Santiago, así como a elaboración e publicación de estadísticas, sen prexuízo das competencias do Instituto Galego de Estadística sobre o Camiño de Santiago e todo aquilo que redunde na promoción do Camiño de Santiago.
- d) A coordinación da rede de albergues e o complexo do Monte do Gozo.
- e) As relacións do Camiño de Santiago cos concellos de Galicia, coas comunidades autónomas do Camiño de Santiago e os seus concellos, coa Administración central e demais institucións públicas e privadas, particularmente con institucións relixiosas e asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
- f) A promoción da artesanía e o deseño relacionados co Camiño de Santiago, así como outras actividades que signifiquen a súa vinculación co Camiño de Santiago e sexan parte complementaria del.
- g) A divulgación científica do Camiño de Santiago a través de publicacións, congresos, seminarios, exposicións e outros.
- h) A programación da participación da Comunidade Autónoma nas exposicións universais.

#### **Artigo 19.** Estrutura da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago se estrutura da seguinte forma:

O xerente de Promoción do Camiño de Santiago con rango de subdirector xeral.

O servizo de promoción do Camiño de Santiago, ao que lle corresponden as seguintes funcións:

- a) Actividades de delimitación física dos camiños, así como a súa sinalización e información.
- b) Recuperación e rehabilitación do trazado físico dos camiños e dotación dos albergues.
- c) Accións de dinamización referidas á poboación local dos camiños, incluídas as actividades de animación.
- d) Organización de actos culturais de tema xacobeo e elaboración e edición de material informativo e promocional.
- e) Accións de promoción e cooperación en relación co tema xacobeo e os camiños de Santiago.

### CAPÍTULO III. SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLANO XACOBEO

#### **Artigo 20.** Natureza e obxecto.

A empresa S.A. de Xestión do Plano Xacobeo ten forma de sociedade anónima, capital público e está ao cargo da Xunta de Galicia.

Constitúen o obxecto da sociedade as actividades relacionadas co Xacobeo que se relacionan nos seus estatutos, entre outras:

- a) A conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño.
- b) A organización dos premios Xacobeo.
- c) Contratación, divulgación, promoción e difusión de representacións teatrais.
- d) Contratación, divulgación, promoción e difusión de concertos musicais.
- e) A promoción da artesanía e o deseño relacionados co Camiño de Santiago.

- f) Centro servidor de datos de Galicia.
- g) Construción, mantemento, reparación e xestión da rede de albergues.
- h) Os convenios con concellos e institucións relixiosas.
- i) A produción cinematográfica e audiovisual.
- j) Actos de patrocinio.

As actividades integrantes do obxecto social poderán ser realizadas pola sociedade, xa directamente xa indirectamente, mediante a titularidade de accións ou participacións de sociedades de obxecto idéntico ou análogo, ou mediante calquera outra forma admitida en dereito.

O Decreto 377/1991, do 19 de setembro, da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 218, do 11 de novembro), criou a sociedade pública "Xestión do Plan Xacobeu-93 S.A", aprobando os seus estatutos e dispoñendo un capital fundacional de 100.000.000 de ptas., suscrito e desembolsado íntegramente pola Comunidade Autónoma. Os Estatutos non foron publicados no DOG. En cambio, si que o foron as distintas modificacións aprobadas para "exprimir" ao máximo as virtualidades desta fórmula organizativa verbo doutros eventos culturais.

O Decreto 144/2000, de 19 de maio, da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 114, de 13 de xuño), modificou o artigo 2 do Decreto 377/1991, do 19 de setembro, ampliando o seu obxecto social, e así permitir aproveitar os recursos materiais e humanos desta empresa pública na xestión da capitalidade cultural europea de Santiago para o ano 2000. Ese artigo 2 pasa a ser agora o seguinte :

#### Artigo 2. Obxecto.

1. Constitúe o obxecto da sociedade o deseño, programación, coordinación e, no seu caso, a realización, entre outras, das seguintes actividades relacionadas co Xacobeo que se executarán, no seu caso, en coordinación coas administracións públicas competentes: a conservación, rehabilitación e recuperación do Camiño; a colocación de sinais de identificación; a elaboración dos principios xurídicos para a súa protección que, para a súa aprobación, serán elevados ás administracións competentes; a construción das áreas de descanso nos puntos de interese paisaxístico e monumental; a dotación do Museo das Peregrinacións; simposiums, congresos, xornadas e ciclos; exposicións itinerantes, a organización dos premios xacobeos; representacións teatrais; concertos musicais, exposicións de artes plásticas; a elaboración de unidades didácticas; a promoción da artesanía e o deseño relacionados co Camiño de Santiago; competicións deportivas de calidade; centro servidor de datos de Galicia; rede de albergues, a rehabilitación da Casa do Deán; as actuacións no Monte do Gozo; convenios con concellos e institucións relixiosas; a promoción de aloxamentos relacionados co Camiño; paisaxe urbana (fachadas de edificios, xanelas, teitos, balcóns, prazas, rúas, beirarrúas e similares); a promoción do Xacobeo e da Capitalidade Cultural da cidade de Santiago de Compostela do ano 2000, incluídas actividades de animación; a produción cinematográfica e audiovisual; esponsorizacións e a xestión dos signos visuais.
2. As actividades integrantes do obxecto social poderán ser realizadas pola sociedade xa directamente, xa indirectamente, mediante a titularidade de accións e participacións de sociedades de obxecto idéntico ou análogo, ou mediante calquera outra forma admitida en dereito.

O Decreto 226/1998, do 24 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 151, do 6 de agosto, redixiu o artigo 24 do Decreto 377/1991, do 19 de setembro, conferíndolle ao Presidente do Consello de Administración as seguintes atribucións:

- a) Exercer a representación institucional da sociedade.
- b) Convocar, presidir, suspender e erguer as sesións, arbitrar as deliberacións do consello e desfacer as igualadas co seu voto de calidade.
- c) Apresentar ao consello os informes que considere oportunos.
- d) Calquera outra función encomendada, ou que lle sexa delegada polo Consello de Administración de entre as de natureza delegable.

O Decreto 259/1996, do 27 de xuño, da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 127, do 28 de xuño), redixiu o artigo 17 do Decreto 377/1991, referente ao Consello de Administración, nos seguintes termos:

#### "Artigo 17. O Consello de Administración.

1. O consello de administración estará integrado por un mínimo de cinco e un máximo de sete conselleiros, que serán nomeados pola xunta xeral.
2. Será presidente do consello de administración da SA de Xestión do Plano Xacobeo-93 o conselleiro de Cultura e Comunicación Social.

O secretario do consello de administración será eleito polo consello de entre os seus membros, por proposta do presidente, e en defeito da súa asistencia asumirá as súas funcións o conselleiro de menor idade».

**Artigo 21.** Obxecto.

O Rexisto de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago dependente da consellería que teña atribuídas as competencias no relativo ao Camiño de Santiago, ten a finalidade de levar a cabo actuacións conxuntas, facilitar a información recíproca e calquera outra forma de colaboración no concerninte ao Camiño.

**Artigo 22.** Adscripción funcional e orgánica.

O rexisto se adscribe á Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago á que deberán dirixirse as solicitudes de inscrición nel.

**Artigo 23.** Requerimentos de entidades.

Para a súa inscrición no rexisto, as entidades solicitantes deberán ter como finalidade, reflectida nos seus estatutos, a recuperación, conservación e promoción do Camiño de Santiago, así como a difusión da cultura derivada do mesmo.

**Artigo 24.** Voluntariedade da inscrición.

A inscrición no rexisto é, pola súa finalidade, voluntaria, pero será condición indispensable para poder recibir as subvencións que regulamentariamente se determinen e para o outorgamento de convenios coa consellería competente en materia do Camiño de Santiago.

**Artigo 25.** Libros do rexisto.

No rexisto levaranse os seguintes libros e instrumentos:

- a) Libro diario de presentación de documentos.
- b) Libro rexisto de inscrición das entidades.
- c) Índice alfabético das entidades, no que se indicará o folio rexistral onde consten inscritas.
- d) Arquivo no que se conservará un exemplar de todos os documentos que se presenten.
- e) Calquer outro que se estime necesario para o bon funcionamento do rexisto.

**Artigo 26.** Documentación para a inscrición.

1. A solicitude de inscrición no rexisto farase en escrito formulado segundo o modelo que figura no anexo I do presente decreto e deberá ir acompañada da seguinte documentación:
  - a) Denominación e domicilio da entidade co número de telefone e fax de contacto.
  - b) Escritura de constitución e estatutos nos que deberá acreditarse a finalidade descrita no artigo 23.
  - c) Rexime económico e financiación.
  - d) Certificado de inscrición no rexisto ou rexistos correspondientes nacionais ou internacionais. En caso de que a entidade solicitante sexa estranxeira, deberá acreditar a súa inscrición ou visada polo fedatario ou organismo competente no seu Estado.
  - e) Composición do órgano de dirección, con expresión individualizada dos seus membros indicando o nome, cargo, DNI, domicilio e telefone e fax de contacto.
  - f) Documento acreditativo do CIF ou equivalente no estranxeiro.
  - g) Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas nos últimos anos e proxecto de actividades iminentes no futuro.
2. O encargado do rexisto poderá reclamar dos solicitantes cantos datos e antecedentes estimase necesario para xulgar sobre a procedencia de dita inscrición.
3. No caso de as entidades solicitantes figuraren inscritas en calquer un outro rexisto de ámbito nacional ou internacional, deberá indicar este extremo ao presentar a solicitude de inscrición.

**Artigo 27.** Inscrición.

1. Apresentada a solicitude de inscrición, anotarase a súa presentación no libro diario e o encargado do rexisto procederá, no prazo de cinco días, a examinar a documentación presentada para

comprobar se se cumpren os requerimentos exixidos polo presente decreto e disposicións que o desenvolvan.

2. No caso de ser correcta a documentación que se presente coa solicitude de inscrición, efectuarase a inscrición no libro rexisto, expedindo unha certificación acreditativa de tal extremo na que conste a data da mesma e o número de rexisto asignado no prazo de trinta días.
3. De se observar defeitos na documentación, darase un prazo de trinta días para que se emenden os defeitos observados. Transcorrido dito prazo sen seren corrixidos, a solicitude de inscrición será denegada.

#### **Artigo 28.** Cancelación.

1. Procederá a cancelación da inscrición no rexisto cando a entidade deixe de cumprir os requerimentos exixidos polo presente decreto e disposicións que o desenvolvan e, en todo caso, cando se extinga a súa personalidade xurídica ou se disolva a entidade.
2. A cancelación poderá acordarse de oficio ou a instancia de parte interesada por resolución do órgano encargado do rexisto previa a instrución do oportuno expediente no que será ouvido, en todo caso, o representante legal da entidade, de non ser éste quen solicite a cancelación.

#### **Artigo 29.** Natureza do rexisto.

1. O rexisto é público. A publicidade do seu contido farase mediante manifestación dos seus libros e documentos que constan no arquivo ou mediante certificación expedida polo seu encargado.
2. O solicitante de datos que consten no rexisto deberá acreditar por escrito a súa personalidade e o seu interese especificando os extremos que pretende examinar ou dos que se solicite certificación.
3. Os datos que consten no rexisto poderanse utilizar con fins estatísticos.

### CAPÍTULO V

#### PROCEDIMENTO DE DECLARACIÓN DE INTERESE PARA A PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO

#### **Artigo 30.** Obxecto.

Poderán ser declaradas de interese todas aquelas actividades e proxectos que contribúan á promoción do Camiño de Santiago.

#### **Artigo 31.** Requerimentos.

A declaración outorgarase previa petición das súas titulares, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, sempre que cumpran os seguintes requerimentos:

- a) As actividades ou proxectos apresentados deberán contribuir directa ou indirectamente á promoción do Camiño de Santiago por calquer medio que deixe constancia da súa importancia, difusión ou coñecemento.
- b) Tais actividades poderán ser desenvolvidas non só na Galicia, senón en calquer localidade pola que atravesese o camiño, na medida en que reflectan a importancia e consideración do camiño en Galicia como punto final deste roteiro cultural.
- c) As actividades deberán ser lícitas e de interese para o camiño.
- d) Compromiso expreso dos seus titulares de facer constar en lugar visíbel que as súas actividades ou proxectos foron declarados de interese pola consellería competente no Camiño de Santiago.

#### **Artigo 32.** Inscrición no rexisto.

1. O rexisto no que se inscrición todas as actividades e proxectos declarados de interese para a promoción do camiño depende da consellería que teña atribuídas as competencias no referente ao Camiño de Santiago. O rexisto estará adscrito á Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago.
2. A solicitude de inscrición no rexisto farase mediante escrito dirixido á Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, e poderá ser apresentada en calquera dos centros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dacordo coas condicións establecidas en dito artigo. A instancia deberá ir acompañada da seguinte documentación:
  - a) Nome, apelidos ou razón social do solicitante.
  - b) Enderezo da persoa física ou entidade.
  - c) Copia do DNI ou CIF.

- d) Copia dos estatutos en caso de que o solicitante sexa unha entidade.
  - e) Memoria explicativa dos proxectos ou actividades que se vaian realizar.
  - f) Copia do proxecto presentado achegando fotografías, maquetas, libros, xoguetes, etc., a efectos de ser analizado pola comisión encargada da súa valoración.
  - g) Declaración xurada do solicitante comprometéndose a facer constar en lugar visíbel que as súas actividades ou proxectos foron declarados de interese pola consellería competente do Camiño de Santiago, no seu caso.
  - h) Calquera outro documento que se estime necesario e así se lle notifique aos interesados.
3. A inscrición no rexisto é condición indispensable para poder obter os beneficios sinalados no artigo 34 do presente Decreto.

**Artigo 33.** Valoración dos proxectos.

Unha comisión criada ao efecto valorará os proxectos apresentados e elevará a súa proposta motivada ao conselleiro, o cal resolverá. A comisión terá en conta os seguintes criterios:

- \* Que concorran os requirimentos sinalados nos artigos anteriores.
- \* O interese da actividade que se vai realizar.
- \* A orixinalidade do proxecto presentado.
- \* Calquera outra que contribúa á promoción do camiño.

A resolución farase por orde da consellería competente na materia, que se publicará no «Diario Oficial de Galicia».

**Artigo 34.** Beneficios da declaración de interese.

A declaración de interese de todas as actividades ou proxectos que contribúan á promoción do Camiño de Santiago comportará para os seus titulares os seguintes beneficios:

- a) Desfrutar do recoñecemento e consideración que lle ven dado por facer constar en tais actividades e proxectos que foron declarados de interese pola consellería competente no Camiño de Santiago.
- b) Poder ser beneficiario das subvencións que anualmente se convoquen para todos aqueles proxectos ou actividades que fosen declarados de interese para a promoción do Camiño de Santiago pola consellería competente ao respecto.
- c) Ser incluído nas guías, catálogos e demais publicacións sobre o Camiño de Santiago que elabore a consellería.
- d) Receber orientación técnica e gratuita dos servizos competentes da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago para o desenvolvemento da súa actividade.

**Artigo 35.** Cese dos efectos da declaración de interese.

- 1. A declaración de interese das actividades ou proxectos que contribúan á promoción do Camiño de Santiago poderá ficar sen efecto polos seguintes motivos:
  - a) Cando as actividades se desenvolvan contravindo o proxecto presentado.
  - b) Por actuar os seus titulares de forma que podan atentar contra o prestixio e recoñecemento do Camiño de Santiago.
  - c) Por troco de titularidade sen autorización da Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, extinción da personalidade xurídica ou disolución da entidade solicitante.
  - d) Por calquer outro motivo que a consellería considere que poda vulnerar o contido deste decreto, por contravir os seus requirimentos.
- 2. Cando se dese algun dos supostos sinalados na alínea anterior, a Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago previa instrución dun expediente no que se dará audiencia ao interesado, poderá, mediante resolución motivada, deixar sen efecto a declaración, o que suporá o cese automático dos beneficios a que se refire o artigo 34 deste Decreto.

CAPÍTULO VI

NORMAS DE UTILIZACIÓN DA REDE DE ALBERGUES

**Artigo 36.** Ocupación.

- 1. Poderán utilizar a rede de albergues integrada no Plano Xacobeo todas as persoas que acudan en peregrinación a Santiago de Compostela.
- 2. A orde de prelación para a ocupación dos albergues será a que se establece a continuación:



- a) Os peregrinos de a pé ou con limitacións físicas.
  - b) Os peregrinos a cabalo.
  - c) Os peregrinos en bicicleta.
  - d) As persoas que viaxen en carros de apoio.
3. As prazas ocuparanse ao chegar os peregrinos aos albergues, sen que en nengun caso se admita a posibilidade de realizar reservas previas.

#### **Artigo 37. Dereitos.**

Con carácter gratuito prestaranse aos peregrinos os seguintes servizos:

- \* Utilización das instalacións do albergue.
  - \* Servizo de información.
  - \* Botequin de primeiros auxilios.
  - \* Alpendres para os cabalos, aínda que o mantemento das monturas será por conta dos peregrinos.
- Disporán, asemade, previo abono do seu importe, dos servizos de lavado de roupa e telefone.

#### **Artigo 38. Deberes.**

A utilización por parte dos peregrinos das instalacións dos referidos albergues estará suxeita ao cumprimento das condicións seguintes:

- \* A estancia nos albergues será dunha só noite, salvo en caso de enfermidade ou outra causa de forza maior.
- \* A porta dos albergues pecharase ás vintetrés horas.
- \* Os albergues serán abandonados antes das 10 horas da mañá.
- \* Para respeitar o descanso, as luces apagaranse ás 23.30 horas, con excepción das zonas comúns.
- \* Os usuarios deberán coidar as instalacións coa debida dilixencia, deixándoas ordenadas, limpas e recollendo, ao efecto, o lixo nos correspondentes contentores.
- \* Non se poderá malgastar a auga nen a luz.
- \* Para enxugar a roupa utilizaranse os tendais.

#### **Artigo 39. Incumprimento dos deberes.**

O incumprimento dos deberes prescritos no artigo anterior, así como calquer conducta susceptíbel de ser considerada como perturbadora do bon funcionamento dos albergues, facultará aos seus responsábeis para compeler aos infractores ao abandono de aqueles, sen prexuízo da exixencia de responsabilidades, incluída a prohibición do uso de calquer outro albergue da rede.

#### **Artigo 40. Enumeración dos albergues.**

Integran a rede de albergues do Plano Xacobeo os sinalados no anexo II do presente Decreto.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Única.

Nos termos que se especifican nos anexos II deste decreto, exceptúanse do rexime xeral de utilización os albergues de Triacastela e Ribadiso, que polas súas particularidades e para o seu mellor aproveitamento, dedicaranse á estancia rural co obxectivo de dinamizar a oferta das respectivas zonas nos aspectos paisaxísticos, de sendeirismo ou deportes vinculados á natureza.

A explotación das zonas dedicadas á estancia rural realizarase mediante o sistema de convenio que será outorgado pola Sociedade Anónima de Xestión do Plano Xacobeo.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Fican derogadas as seguintes normas: o Decreto 344/1992, de 26 de novembro, polo que se establecen as normas de utilización da rede de albergues previstas no Plano Xacobeo; a Orde de 30 de marzo de 1993, pola que se fai pública a rede de albergues do Camiño de Santiago no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 224/1994, de 2 de xuño, polo que se crea o Rexisto de Entidades de Promoción do Camiño de Santiago, agás o seu artigo 1; o Decreto 245/1994, de 23 de xuño, polo que se regula o procedemento para que determinadas actividades e proxectos obteñan a declaración de interese

para a promoción do Camiño de Santiago, agás o seu artigo 3 polo que se crea o Rexisto de Actividades; o Decreto 169/1994, de 2 de xuño, polo que se crea o Comité Internacional de Peritos do Camiño de Santiago, excepto o seu artigo 1; o Decreto 325/1996, de 26 de xullo, polo que se modifica o anterior; e a Orde de 21 de xaneiro de 1995, pola que se aproba o Regulamento de Funcionamento e Rexime Interior do Comité Internacional de Peritos do Camiño de Santiago.

DISPOSICIÓNS FINAIS .

Primeira.

Facúltase ao conselleiro competente en materia de promoción do Camiño de Santiago, para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do presente Decreto.

Segunda.

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».